



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DOS SOBRES 1

Reunidos no Salón de Actos da Casa Consistorial, o día 6 de marzo de 2018 ás 10:15 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a adxudicación da obra "Rehabilitación das antigas vivendas dos mestres" de Cualedro, formada por Luciano Rivero Cuquejo, que actuará como Presidente, Abdón Fausto Diéguez Andréi como vogal, e Paulino Fernández Salgado, como secretario-vogal.

Tras a constitución da Mesa, o Secretario procede ao reconto das proposicións presentadas e á súa confrontación coa certificación de proposicións, comunicando ao público o número de proposicións recibidas en forma e prazo, fóra de prazo, e o nome dos licitadores. Convidase aos interesados para que poidan comprobar os sobres presentados. Faise constar que se constitúe a mesa unha hora e cuarto máis tarde pola falta de entrega de Correos de sobres.

A continuación, procédese á cualificación previa dos documentos presentados en tempo e forma, ordenando o Presidente a apertura do sobre 1 que fai referencia á documentación administrativa.

O Presidente acorda proceder a examinar formalmente a documentación presentada, dando fe o Secretario da relación de documentos que figuran.

A Mesa de Contratación declara admitidas as seguintes proposicións:

1. Explotacións Medioambientais SLU
2. Construcciones EMI Álvarez SL.
3. Construcciones Hermanos Carrajo SA
4. Construcciones Ropán SL
5. Misturas obras e proxectos SA
6. Copcisa, SA
7. Obras y servicios Gómez Crespo SL
8. Prado Lameiro, SL

No expediente quedan todas as proposicións presentadas, tanto as admitidas como as rexeitadas.



CONCELLO DE CUALEDRO

O Presidente dá por terminada a reunión ás 10:35 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, o Secretario, redacto Acta que someto á sinatura do Presidente e Vogais; dou

fe.



Luciano Rivero Cuquejo
Presidente



Abdón Fausto Diéguez André
Vogal



Paulino Fernández Salgado
Vogal-Secretario